

Venres, 30 de setembro de 2022

Núm. 188

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL POLO SERVIZO DE APARCAMENTO EN PARKING EXPTE 3288/2022

Rematado o período de exposición pública do expediente de Modificación da Ordenanza reguladora de taxa por servizo de aparcamiento en parking ALDEA GRANDE (expte 3288/2022) aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación do Concello de Lalín en sesión celebrada o día 29 de xullo de 2022, sen que se presentaran reclamacións, enténdense definitivamente adoptados os acordos ata o de agora provisionais, segundo o artigo 49 da Lei de Bases do Réxime Local . Lei 7/1985 (LBRL).

De conformidade co disposto, procédese á publicación do texto da modificación da Ordenanza reguladora de taxa por servizo de aparcamiento en parking ALDEA GRANDE en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei de Bases do Réxime Local . Lei 7/1985 (LBRL).

Modificar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de aparcamiento no parking Aldea Grande, modificando o texto dos artigos 5º , 6º e 7º actuais pola seguinte redacción de cada un deles , suprimindo a DISPOSICIÓN ADICIONAL e se modifica o nome do Parking Aldea Grande:

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria é a cantidade resultante de aplicar as seguintes tarifas:

ESTACIONAMENTO ROTATORIO:

Establécese a gratuidade do estacionamento rotatorio por un período máximo de estacionamento continuo de vinte e catro horas. A partir das 24 horas deberase retirar o vehículo. No caso de superarse as vinte e catro horas de estacionamento, esixirase unha “taxa de hora máxima”: 20 € por día e sen prorrateo . Por cada 24 horas que se exceda o período de estacionamento se devengará novamente a taxa.

- Abonos mensuais por praza: 30 €.

A contía das tarifas desta taxa será exposta en lugares visibles á entrada e saída do aparcamento municipal.

Na modalidade de estacionamento rotatorio, a cuantificación do período de tempo que serve de base para a determinación da “taxa de hora máxima” será o resultado da diferenza entre a hora de retirada ou saída do vehículo e a hora de entrada do mesmo no recinto do aparcamento, segundo a tarxeta-ticket, expedida pola instalación de control de acceso.



Venres, 30 de setembro de 2022

Núm. 188

Neste suposto, será requisito imprescindible a presentación da citada tarxeta-ticket para a avaliación do importe a satisfacer por esta taxa. No suposto de non presentar a tarxeta no momento de efectuar a saída do vehículo do recinto do aparcamento, a cuantificación da tarifa farase en función do tempo de estancia, determinado a través do sistema de identificación de matrícula, día, hora e minuto de entrada, que ten instalado o aparcamento de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 6.- Cobro da taxa.

O pagamento da taxa efectuarase mediante recibo unha vez finalizado o servizo, no momento da saída do recinto do aparcamento, no caso de servizos por horas en estacionamento rotatorio.

Non obstante, cando se trate de abonos, o pagamento da taxa farase por adiantado no momento de formalizar o abono na Tesourería do Concello ou nas instalacións do propio aparcamento, sendo obrigatorio domiciliar o seu pagamento para as mensualidades sucesivas. Prorratearase a tarifa correspondente á primeira mensuralidade, debendo abonar a cantidade correspondente a unha quincena cando a inscrición se realice a partir do día 15 do mes ou a mensuralidade íntegra cando a inscrición se realice antes do día 15 do mes correspondente.

A declaración de baixa dos abonos no servizo deberá formalizarse antes do día 25 do mes anterior, sendo a expedición do abono por meses completos.

Dita baixa será de oficio para aqueles participantes que adeuden dúas mensuralidades, sen prexuízo do cobro dos recibos por vía executiva.

Cando un recibo domiciliado sexa devolto pola entidade bancaria, pagarase en efectivo na instalación ou nas dependencias da Tesourería municipal, no seu caso. Os abonados que non estén ao corrente do pagamento das súas cotas, non poderán acceder á instalación, pasando a causar baixa automaticamente cando non teñan pagado dous recibos consecutivos.

As débedas por esta taxa esixiranse polo procedemento de prema.

Artigo 7.- Normas de xestión.

1.- Non poderán utilizar o aparcamento os camións e aqueles outros vehículos dos que as súas dimensións ou características fagan difícil a súa circulación polo interior ou dificulten a dos restantes usuarios do mesmo.

2.- Queda prohibido introducir no aparcamento substancias perigosas ou que poidan producir molestias ao resto dos usuarios.

3.- Prohíbese a realización de manobras que poidan causar danos ás instalacións do aparcamento ou ás persoas ou vehículos que se encontren no seu interior, así como calquera clase de actos que poidan perturbar o normal funcionamento do servizo.

4.- Os usuarios ocuparán co seu vehículo o lugar delimitado no chan do aparcamento, quedando prohibido invadir o espazo reservado ás prazas colindantes.



Venres, 30 de setembro de 2022

Núm. 188

5.- En estacionamento rotatorio, cumpridas as 24 horas de estacionamento continuo do vehículo, que se controlará medios os medios dixitais ou persoais que se dispoñan, aplicarase a “taxa de hora máxima”.

6.- Ante un estacionamento rotatorio que exceda as 24h máximas, se o considerase necesario o Concello, poderá procederse á retirada do vehículo mediante o servizo municipal de grúa,cos custes e taxas correspondentes ao servizo de retirada e sen prexuízo da aplicación das taxas de hora máxima que procedan.

7.- Aos aboados asignaráselles unha praza concreta, identificada cun número, e coa súa correspondente tarxeta identificativa que deberá expoñer á vista durante o

estacionamento para facilitar o control dos vehículos. O estacionamento do aboado fóra desta praza asignada, suporá que o aboado terá a consideración de non aboado.

8.- Os usuarios non aboados non poderán aparcar nas prazas reservadas para estes.

O estacionamento incorrecto na praza dun aboado implicará a aplicación da “taxa de hora máxima” coas condicións e periodicidades establecidas nos artigos quinto e sexto.

9.- O número de aboados non poderá exceder do 20% das prazas totais do parking sen prexuízo das prazas de aboados existentes actualmente. Se o número de prazas excede esta porcentaxe, non se poderán realizar novos abonos pero si manter os existentes.

10.- No caso de excederse do límite máximo de abonados, os interesados nun abono poderán solicitar a través do Rexistro municipal que se lles inclúa nunha relación de solicitantes de abono. Na solicitude deberasé indicar o periodo para o que se solicita o abono. No caso de ter prazas libres para o periodo de abono solicitado, comunicarse ó solicitante que disporá de dous días para formalizar o abono. En caso contrario, por orde cronolóxico de entrada no Rexistro municipal das solicitudes de abono, atenderase ás seguintes solicitudes de abono.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Se suprime.

Modificar o nome do Parking Aldea Grande, que pasará a chamarse, en diante, Parking Europa

Lalín, 23 de setembro de 2022.

A Concelleira delegada de Facenda — M^a Paz Pérez Asorey

Documento asinado dixitalmente

